



A VIDA PARISINA VISTA POR DIONISIO FIERROS

Celia Castro

Introdución.

Dionisio Fierros Álvarez foi un dos mellores pintores españois do S.XIX.

Cultivou todos os xéneros, pero é coñecido principalmente polos seus retratos e os seus cadros de costumes. Recibiu numerosos premios ao longo da súa vida e foi galardoado con numerosos títulos e distincións.

Con todo, aínda que estudada con profundidade a súa traxectoria en España, a súa presenza no estranxeiro con motivo da súa participación nas diversas Exposicións Internacionais e as viaxes que realizou a varios países europeos en distintos momentos da súa vida, son practicamente descoñecidos.

Breves apuntes biográficos:

Naceu en Ballota (Cudillero) o 5 de maio de 1827, nunha familia de campesiños acomodados, os seus pais, Nicolás Fernández Fierros e María Álvarez del Valle eran do mesmo lugar.

O 15 de maio de 1841, con 14 anos recentemente cumpridos parte cara a Madrid para aprender o oficio de xastre no taller dun tío seu. Non gustándolle este oficio -e por mediación deste- consegue entrar como aprendiz de mordomo en casa dos marqueses de San Adrián, cos que chegará a establecer unha relación moi especial, en concreto co marqués de Castelforte, primoxénito da familia. Coñecedores os marqueses da

aptitude do mozo para o debuxo decidiron levalo ao estudio de José de Madrazo, reputado pintor de cámara do rei Carlos IV, Director do Museo del Prado e Director da Real Academia de San Fernando, para que se formase.

De 1841 a 1844, Dionisio realiza a aprendizaxe de debuxo e pintura neste taller, para pasar a continuación ao estudio do fillo do pintor, Federico de Madrazo, que estudara en París no taller de Ingres, e en Roma. Non se sabe con exactitude o tempo que permanece con el pero si que toma clases de pintura ata 1855 e que a súa influencia foi decisiva.

En xullo de 1855, marchou a Santiago de Compostela, onde permaneceu durante tres anos nos que fixo varios retratos e seis cadros de costumes. Os primeiros presentounos na Exposición de Madrid de 1860, gañando varias medallas.

Malia que non deixa de facer retratos, segue o seu interese polo cadro de costumes. De 1862 a 1864 viaxa por terras salmantinas pintando paisaxes e cadros de xénero que encadraríamos no pintoresquismo ou tipismo, tan de moda na época.

Obtén con eles varias medallas e diplomas.

Dende 1866 a 1871 son poucas as noticias que del se teñen. Crese que alterna a súa estancia en Madrid con viaxes á súa terra natal e quizais fóra de España. Na Corte, pinta cadros de personaxes da vida madrileña e varios retratos da familia real.

A finais de 1872 comeza a súa segunda estancia en Galicia, que durará ata 1874. Vai ser decisiva na súa pintura e na súa vida. Instálase en Santiago, onde retratará a diversos personaxes da nobreza, clero e alta burguesía. Fai frecuentes viaxes á súa terra natal, con estancias en Ribadeo onde realiza varios encargos e namórase de Antonia Carreira, unha moza de vinte e un anos, filla do dono da pousada onde se aloxaba. O 24 de novembro de 1873, a parella contrae matrimonio na devandita vila e logo da voda trasládanse á Coruña, onde permanecerán ata finais de 1876.

En 1877 instálanse en Madrid para cumprir cos numerosos encargos. Alí nacen os seus tres primeiros fillos, que non superarán os dous anos.

A finais de 1878 trasládanse a Oviedo, onde residirán ata a súa morte, alí nacerán catro fillos máis, dos cales só sobrevivirán tres. O pintor realizará numerosas viaxes, a Madrid por motivos de traballo, ao estranxeiro, concretamente a Italia e Centroeuropa, sen contar coas tempadas de vacacións en Ribadeo, Ballota e Luarca. É a súa época máis frutífera, faranlle numerosos encargos, para institucións públicas e particulares, neles fará gala dunha pincelada máis solta e lumínica.

En 1894 morre en Madrid de forma repentina.

Viaxe a París en 1861.

Nas memorias do pintor, publicadas por primeira vez polo seu neto Dionisio Gamallo Fierros¹, este fala das súas viaxes realizadas a diversos países europeos, entre eles Francia.

Sitúase con certeza a su estadía en París en 1861, proba deso é unha fotografía datada no mes de Xuño do mesmo ano e publicada en 1961 polo mesmo Gamallo Fierros², na que aparece retratado xunto a outros artistas que por aquel entón achábanse posiblemente ampliando estudos na capital francesa.

A profesora da Universidade de Oviedo, Rosa García de Quirós, fala dela e publica un anaco da mesma (que

mostra a Fierros sentado) no estudo que fai do pintor no T.I de la *Enciclopedia de Pintores Asturianos*³.

Con todo, existe outra fotografía, lixeiramente diferente -pertencente sen dúbida á mesma sesión- nos fondos da Biblioteca Nacional, que é a que publico a continuación, e que permite coñecer varios datos sobre a súa autoría.

Foi tomada no estudio do reputado fotógrafo parisiense Pierre Petit, nado en 1831, discípulo de Disdèri, do que se separou en 1858, asociándose có tamén fotógrafo Trinquart, e establecéndose no nº 31 da Place Cadet.



Lám 1. Grupo de artistas españois en París. 1861.
Madrid. Fotografía BNE.

¹ Dionisio Gamallo Fierros. *La Nueva España*. Oviedo. 8 de Novembro de 1960.

² Dionisio Gamallo Fierros. *Arriba*. Suplemento dominical. Madrid. 23 de Xullo de 1961.

³Rosa García de Quirós. Dionisio Fierros. *Enciclopedia de Pintores Asturianos, Vol I*, Oviedo. Edicións Hércules Astur. 2002. Páx. 111.

Os retratados numerados son:

1. Ignacio Suárez Llanos. 2. Carlos de Haes. 3. José Casado del Alisal. 4. Víctor Manzano. 5. Eduardo Zamacois. 6. Alejandro Ferrant. 7. García. 8. Sanz. 9. Alejo Vera. 10. Domingo Valdivieso. 11. Alfredo Perea Rojas. 12. Dionisio Fierros.

Pero ademais figuran outros que non ostentan número, como Luis de Madrazo, J. Roselló, Manuel Rico, B. Ferrándiz, A. Gisbert, León Escosura e outros.



Lám 2. Dionisio Fierros. Ampliación da fotografía anterior -ángulo inferior dereito-. O pintor Dionisio Fierros, tal como era habitual nas fotos de grupo, ostenta un número, o 12.

Esta imaxe do pintor difire lixeiramente da publicada por García de Quirós. O seu atavío é o mesmo: Levita escura, gravata de lazo (fondo escuro con lunares brancos), chaleco a raias, pantalón claro e sombreiro de copa. Aparece sentado no chan, á beira doutro pintor que podería ser Eduardo Rosales. Con todo, mentres nesta fotografía aparece lixeiramente ladeado e apoiado no seu sombreiro, na foto publicada por Quirós está totalmente de fronte pasa a man por encima da perna do seu compañeiro, e ten o sombreiro aos pés.

Non se sabe a duración exacta da súa estadía na capital francesa, o que si se supón é a súa concorrència á

Exposición Nacional de Belas Artes inaugurada en Madrid na nova Casa da Moeda o 11 de Outubro de 1862.

En París, parece evidente a relación cos outros artistas españois, algúns como Manuel Castellano, Carlos M^a Esquivel ou Luis de Madrazo, compañeiros de curso na Escola de Belas Artes de San Fernando e no taller de Federico de Madrazo.

París, capital do II Imperio era naquel momento unha cidade cosmopolita e un dos focos artísticos máis importantes de Europa. É a capital europea por excelencia, cunha economía en expansión e nela residían artistas como Delacroix ou Ingres un dos mestres de Federico de Madrazo -cuxa estética, con base no prerrafaelismo, daría lugar a un estilo, encadrado no Neoclasicismo, que influiría en numerosos pintores contemporáneos.

É un fervedoiro cultural, onde os impresionistas, liderados por Manet, definen a súa nova estética pictórica, inmersos nun ambiente no que o contacto coas outras artes -sobre todo a música nas súas múltiples facetas, e a puxante fotografía- é un elemento definitivo na súa creación⁴.

As veladas literarias, os espectáculos musicais nas súas diversas modalidades, sobre todo a danza, a ópera e a opereta, a ópera buffa, os seus compositores, os intérpretes masculinos e femininos (as belezas de moda, admiradas con auténtico fervor), son un compoñente importante da elite social e cultural da época, desde os ambientes intelectuais máis exclusivos ata a propia corte de Napoleón III.

O mesmo Manet, no seu cadro, *El Jardín de las Tullerías*, considerado por algúns expertos como o primeiro cadro impresionista datado en 1862, representa un concerto celebrado no lugar do mesmo nome. Ademais del mesmo, aparecen personaxes do seu entorno: o seu irmán Eugène, a súa modelo Victorine Meurent, Baudelaire, Théophile Gautier, o pintor Henri Fantin-Latour e o compositor Jacques Offenbach, cuxas obras musicais tiñan gran sona en toda Europa. Para realizar estes retratos co maior

⁴ Vid Sigfried Kracauer, *Jacques Offenbach y el París de su tiempo*. New York. Ed Zone Books. 1937.

realismo posible -moi valorado na época- baséase en fotografías⁵.

En París proliferan os estudos fotográficos. Entre eles o coñecido de Nadar, personaxe polifacético relacionado co grupo dos pintores impresionistas, e polo que pasan moitas figuras da vida social e cultural do momento. Os seus retratos defínense como "psicolóxicos".

Tamén o de Eugène Disderi, creador da *carte-de-visite* (fotografías de pequenas dimensións, 10,50x6,50 cm), de gran popularidade entre todas as clases sociais, e que dan lugar a un novo tipo de coleccionismo: A *Cartomanía*. As fotos reuníanse en álbumes, e isto non se reducía ao ámbito familiar, se non que tamén se coleccionaban retratos de celebridades de todos os ámbitos, dende a Familia Real, ata escritores, pintores, artistas, toureiros, etc.

Hai moitos fotógrafos renomeados, que cultivan unha ou outra tendencia, e en algúns casos levan a cabo encargos oficiais: Adam Salomon, Étienne Carjat, o nomeado Pierre Petit ou León Crémière, e que, en ocasións, como este último, imprimen no reverso das súas fotografías, xunto ó selo do seu estudio, o título de "*Photographe de la maison de l'empereur*".

Esta fotografía -que sinaléi como Lámina 1-, é importante para corroborar a presenza de Dionisio Fierros en París, pois dende a Exposición Nacional de 1860, ata a de 1862, poucas son as novas que se teñen del.

Con todo, é de supoñer, que a súa estancia na capital francesa, e a relación co resto dos seus compañeiros artistas, serían importantes e decisivos na súa vida posterior, axudando a conformar a viveza de carácter, a amplitude de visión, e a profundidade de análise, que vemos sempre reflectida na súa pintura.

O seu paso polo taller de Federico de Madrazo, serviu para abrirle as portas da boa sociedade da época.

No Madrid de mediados do S XIX, que contaba aproximadamente con medio millón de habitantes, o teatro era o centro da vida social. O gusto polos distintos espectáculos, (dramáticos e líricos, circenses

e taurinos) era unha constante, e a súa crítica e análise o tema (xunto coa política) que máis páxinas ocupaba nas principais publicacións.

"De los 39 locales públicos de entretenimiento con los que Madrid contaba en 1868, 17 eran teatros, y 15, cafés-teatro"⁶.

Deles, os máis importantes eran: o Teatro Real, o Teatro do Príncipe Alfonso, o Teatro do Circo, o Teatro Romea, o Teatro Novedades e o Teatro da Zarzuela.

Polo tanto é un feito frecuente que os nosos pintores retraten a miúdo ás divas e aos actores máis importantes do momento, idolatrados polas multitudes tanto en España, como en Europa e Iberoamérica.

Federico de Madrazo retrata a Julián Romea e a Teodora Lamadrid, entre outros, Antonio M^a Esquivel a Josefa Vargas, Ricardo de Madrazo a Adelina Patti, Manuel Castellano a Manuel Catalina, por citar algúns dos casos máis coñecidos.

Dionisio Fierros non vai ser unha excepción. Dende época temperá retratou a diversos actores da escena, músicos, toureiros, etc.

Neste artigo referireime tan só a un retrato feminino dunha gran beleza, que creo puido ser pintado cara a 1862, e que me atrevo a dicir representa á actriz lírica francesa Céline Montaland.

Céline Montaland

Céline Montaland, moi famosa na súa época, naceu en Gante en 1843, e morreu en París en 1891.

Filla de pais actores, o seu pai traballou no Théâtre du Vaudeville. Ela mesma foi unha actriz precoz, que saíu ao escenario por primeira vez con catro anos, alcanzando xa gran prestixio aos seis anos e medio no Théâtre du Palais-Royal, onde alcanzou un grande éxito pola súa graza e versatilidade, pois ademais de actuar cantaba e bailaba.

En Setembro de 1850, Eugène Labiche (creador de obras bufas e satíricas) escribiu unha peza

⁵ Vid Sigfried Kracauer, *Idem. Ibidem*.

⁶ C Priego del Campo." Teatro y diversiones públicas en Madrid entre 1860 y 1873." *Jean Laurent en el Museo Municipal de Madrid. T.II*. Madrid. Ed Museo Municipal de Madrid, 2006. Páx 14.

especialmente para ela: *La fille bien gardée*, cun papel de auténtico lucimento. O seu éxito foi inmediato a dicir da crítica.

Nos anos seguintes, continuou a interpretar varias obras, obtendo así mesmo grandes ovacións.

A partir de 1851 iniciou unha serie de xiras polo estranxeiro en compañía dos seus pais. En 1851 creouse a *Céline polka* inspirada nela.

Pedro Ojeda e Irene Vallejo no seu estudo “El Teatro Francés de Madrid” falan da primeira vez que a pequena actriz actuou no devandito teatro madrileño, baixo a dirección do seu pai durante a tempada de 1853-54⁷.

A prensa madrileña recolle entre outras a seguinte recensión:

“Porque prodigio puede llamarse a esa graciosísima actriz, que declama con rara inteligencia, canta con gusto y sentimiento, y baila con maestría y soltura, y domina en fin la escena con pasmosa facilidad, como solo es dado hacerlo a los más consumados actores”⁸.

Ojeda y Vallejo escriben así mesmo:

“A ella se le atribuye el renovado interés por el Teatro Francés, muy decaído tras las experiencias de Daiglemont y Bernard”⁹.

“Desde la temporada 1857-1858 hasta la de 1860-61, el Teatro Francés se asentó en el Coliseo de Variedades. También volvió la aún joven Céline Montaland acompañada de su padre, reverdeciendo los éxitos de su primera estancia”¹⁰.

En París, Madrid, e outras capitais europeas, Céline Montaland obtiña continuos éxitos e ovacións.

Dionisio Fierros, probablemente asistiu en París ou en Madrid a algunha das súas representacións, quedando impresionado pola súa personalidade e beleza.

De curta estatura -de aí o seu sobrenome, “*La Petite*”, era ben proporcionada e de faccións harmoniosas, segundo podemos ver nas fotografías contemporáneas, e na prensa da época, “con el cabello y los ojos negros de una andaluza”¹¹.

Na tempada de 1860-1861, contaba aproximadamente 18 anos.

En diversas biografías do pintor asturiano, fálase dun retrato feito por este á actriz “Sra Montalán”. Tamén se menciona no inventario feito tras a súa morte, (co nº 194) con ocasión da venda e poxa dos cadros do seu estudio ovetense, en Setembro de 1894¹².

O apelido “Montalán”, españolizado e erroneamente escrito, creo que se corresponde en realidade con “Montaland”, tratándose desta actriz.

Nunha colección particular existe un fermoso retrato de busto, que nos presenta a unha muller nova e elegante, vestindo un traxe de noite negro con encaixes que cos ombros ao descuberto leva o pelo recollido nun moño, do que sae un veo, tamén de encaixe que lle cae polas costas.

As liñas dos seus ombros, e o seu belo perfil, recórtanse contra un fondo claro, no que se distinguen, unha roseira con rosas vermellas, o mar, (na distancia, sereno e azul), e un anaco de ceo, claro e despexado, tamén azul.

É un retrato delicado, feito con trazo seguro, con lixeiros toques de sombra -apenas no colo e o queixo- no que a pureza das liñas e a mestría da cor, recórdanos a Ingres e Federico de Madrazo, o seu mestre.

O espléndido tratamento dos detalles -encaixes, pendentos- revélanos a un artista refinado afeito a observar e reflectir nos seus retratos as características máis relevantes dos seus modelos, moitos deles personaxes da alta sociedade.

A fidelidade ao modelo e o forte sentido da realidade de Dionisio Fierros permitíume recoñecer neste

⁷ P. Ojeda e I. Vallejo, “El Teatro Francés de Madrid” (1851-1861). *Revista de literatura*. Vol 65, nº 130-Madrid. Ed. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. 2003. Páxs 413-446.

⁸ *La Gaceta de Madrid*. 19 de Xaneiro de 1854.

⁹ P. Ojeda e I. Vallejo. *Ibidem*. Páx 422

¹⁰ *Ibidem*. Páx 423.

¹¹ Jules Claretie. *La vie à Paris (1880-1885) Année 4 (1883)*. París. Victor Havard, editeur. 1886.

¹² Academia Provincial de Bellas Artes de San Salvador de Oviedo. *Exposición-venta de varios cuadros y acuarelas de Don Dionisio Fierros y Álvarez pintor y discípulo de D. José, D. Federico y D. Luis de Madrazo*. Oviedo. Establecimiento fotográfico de Vicente Brid. 1894. Páx 10.



Lám 3. *Retrato de Dama*. Dionisio Fierros. Óleo sobre lenzo. Colección particular. 68x45cm. Ca. 1862. Fotografía da autora.

“Retrato de Dama” á actriz Céline Montaland, cuxos trazos reproducen fielmente diversas fotografías, entre elas a que publico a continuación:



Lám 4. León Crémère. *Retrato da actriz Céline Montaland*. Carte-de-visite. 10x6cm. París. Ca. 1861. Colección particular.

Foi realizada polo fotógrafo francés León Crémère, durante o Segundo Imperio Francés, e datada cara a 1861 polo experto estudioso do Patrimonio Fotográfico francés, Yves Lebrec que publica unha fotografía exactamente igual a esta, co seguinte comentario:

“Epreuve du début de la carrière parisienne de l'artiste”¹³.

Parece, pois, que se trata dunha imaxe publicitaria da actriz. É unha pose de tres cuartos co corpo nun lixeiro escorzo e o rostro de perfil. Está vestida cun traxe de gala que parece de veludo e leva un colo de encaixe idéntico ao representado no cadro. Así mesmo pende do seu peiteado -partido en dous e recollido nun moño sobre a caluga- un veo de encaixe idéntico ao pintado por Fierros. Non se adorna con ningunha xoia, e esta nudez resalta aínda máis a pureza do seu perfil e a liña delicada do colo.

Detrás dela, e como todo decorado vese unha cadeira co respaldo tapizado e torneado do tipo que se utiliza frecuentemente nos estudos fotográficos como *atrezzo*.

O atavío e o peiteado que aparecen no cadro e a fotografía son practicamente idénticos.

Podemos apreciar non obstante unha pequena diferenza, fronte á carencia de xoias da fotografía, no cadro, penden das súas orellas dous pequenos pendientes ovalados de ouro que levan engastada unha pedra vermella, detalle delicado, que o artista realiza coa súa mestría habitual.



Lam 5. Dionisio Fierros. *Retrato da actriz Céline Montaland*. Óleo sobre lenzo. Ca. 1862-1866. 68x45 cm. Colección particular.



Lam 6. León Crémère. *Retrato da actriz Céline Montaland* (detalle dunha-carte-de-visite). París. Ca. 1861. 10x6 cm. Colección particular.

¹³ Y. Lebrec. Blog *Ma collection* (Le portrait féminin sous le second Empire).

León Crémère foi un dos fotógrafos máis importantes de París no Segundo Imperio.

Nacido en 1831, entrou na profesión fotográfica cara a 1850 como asistente de Disdéri.

De 1861 a 1862 abriu un estudio con Erwing Hanfstaengl no 28 de la Rue Laval de París.

En 1862 a asociación disólvese e Crémère continúa só a súa traxectoria.

Realiza múltiples cartes-de-visite, de diversos personaxes da sociedade parisiense, entre eles personaxes da realeza e da escena.

Posteriormente especialízase en temas cinexéticos. Polas súas fotografías de cans e cabalos recibe varios premios, publicando varios álbumes con esta temática.

Nunha data non precisa, entre 1861 y 1862 recibe o título de *Photographe de la Maison de l'empereur*.

Os datos que temos sobre Leon Crémère ratifican a posibilidade de que este retrato de Céline Montaland fose realizado entre 1861 e 1862. No reverso, o selo do estudio fotográfico mostra esta inscrición coa dirección do gabinete fotográfico no nº 28 da Rue Laval de París, onde precisamente estivo situado ata 1862.

Durante os anos 1861 e 1862, a actriz estaba na plenitude da súa carreira artística triunfando en París con obras lixeiras, de carácter cómico -teatro bufo-coas que obterá grande éxito ata 1867, no que protagonizará o papel de baronesa na ópera *La vie parisienne*, composta por Offenbach.

A súa vida social e amorosa foi sempre intensa e controvertida.

Nese mesmo ano retírase da escena a causa da súa relación co príncipe e magnate ruso Anatole Demidoff (ex esposo da princesa Mathilde-Letizia Bonaparte prima de Luis Napoleón III), feito que ocasiona grande escándalo.

Con el tivo tres fillos, non recoñecidos, e á súa morte, en 1870 incorpórase de novo aos escenarios obtendo grande éxito en Estados Unidos e diversas capitais europeas. Afíncase en París, onde é considerada unha auténtica estrela.

En 1891 falece de pneumonía.

Dionisio Fierros, posiblemente obtivo a fotografía en París, aínda que era un feito común que os fotógrafos exhibisen e vendesen nos seus estudos retratos realizados por outros fotógrafos, mesmo de diferente nacionalidade.

No catálogo das cartes-de-visite que se venden no estudio Madrileño de Jean Laurent, en 1861, no apartado *Artistas dramáticos*, co nº 99 figura unha fotografía co título de *Srta Montaland (Teatro francés)*¹⁴, non obstante non hai constancia de que se trate desta. Mesmo penso que pode ser anterior. O feito de que apareza como *Srta Montaland* faime pensar así, posto que as actrices, no S. XIX, denomínanse "señoritas" mentres desempeñan papeis secundarios, e no momento en que desempeñan primeiros papeis -caso de Céline Montaland en 1862- denomínaselles "Señoras".

O cadro pintado por Fierros, non está datado nin asinado, aínda que non hai dúbida que é da súa man, figurando en todos os seus inventarios e exposicións.

Por estas e outras razóns non creo que se trate dun encargo. Cabe a posibilidade de que fose feito para presentar a unha das Exposicións Nacionais de Belas Artes, na de 1862 e na de 1866 menciónanse varios retratos "de mérito" sen identificar e algúns "estudos do natural" sen identificar tamén.

A finalidade do retrato, posiblemente non a coñecemos nunca, pero ao meu xuízo iso é o menos importante.

Se observamos detidamente as láminas 5 e 6, respectivamente o cadro e a fotografía, veremos que Fierros, aínda que fiel á fisionomía e o atavío da actriz, a reviste de maior esvelteza e distinción, a súa postura é máis ergueita e o seu perfil máis rotundo, dotándoa mesmo de máis misterio e "glamour".

Nunha publicación da época refírense a ela nos seguintes termos:

"Mademoiselle Montaland possède une beauté froide, régulière et par-dessus tout, affreusement bourgeoise"¹⁵.

¹⁴ *Catálogo de los retratos que se venden en casa de J. Laurent, fotógrafo de su Majestad la Reina (Carrera de San Jerónimo, 39. Madrid)*. Madrid. Imprenta de Manuel de Rojas, 1861.

¹⁵ Víctor Koning. *Les coulisses parisiennes (préface par M. Alberic Second)*. París. E. Dentu, editeur. 1864.

Dionisio Fierros transforma a unha muller fermosa e elegante nun símbolo de refinamento, captando ese divismo que sen dúbida posúe e que non se reflexa na fotografía.

Recortada contra un fondo azul e ao lado dunha roseira de rosas vermellas -posible tributo ao seu talento e beleza- imaxinamos que xorde unha vez máis tras o pano, para saudar, tímida e risoña, quizais un pouco envarada, a un público rendido e entusiasta que a cobre de flores e de aplausos.

Bibliografía

ACADEMIA PROVINCIAL DE BELLAS ARTES DE SAN SALVADOR DE OVIEDO. *Exposición-venta de varios cuadros y acuarelas de Don Dionisio Fierros y Álvarez pintor y discípulo de D. José, D. Federico y D. Luis de Madrazo*. Oviedo. Establecemento fotográfico de Vicente Brid. 1864.

Catálogo de los retratos que se venden en casa de J. Laurent, fotógrafo de su Majestad la Reina. (Carrera de San Jerónimo, 39. Madrid). Madrid. Imprenta de Manuel de Rojas. 1861.

CLARETIE, Jules. *La vie à Paris (1880-1885) Année 4* (1883). París. Víctor Havard, editeur. 1886

GARCÍA DE QUIRÓS, ROSA. "Dionisio Fierros". *Enciclopedia de Artistas Asturianos, Vol. I*. Oviedo. Edicións Hércules Astur. 2002.

KONING, Víctor. *Les coulisses parisiennes (préface par M. Alberic Second)*. París. E. Dentu, editeur. 1864.

KRACAUER, Sigfried. *Jacques Offenbach y el París de su tiempo*. New York. Ed. Zone Books. 1937.

LÓPEZ VÁZQUEZ, José Manuel. "Dionisio Fierros", en *Artistas Galegos. Pintores. Ata o Romanticismo*. Vigo. Nova Galicia Edicións. 1999, páx. 374.

OJEDA, Pedro y VALLEJO, Irene. "El Teatro Francés de Madrid" (1851-1861). *Revista de Literatura*. Vol 65, nº 130. Madrid. Ed. Consello Superior de Investigacións Científicas. 2003.

PRIEGO FERNÁNDEZ DEL CAMPO, CARMEN. "Teatro y diversiones públicas en Madrid entre 1860 y 1873". *Jean Laurent en el Museo Municipal de Madrid. T.II*. Madrid. Ed Museo Municipal de Madrid. 2006.

VILLA PASTUR, José. *Dionisio Fierros XXV Certamen Nacional de Pintura de Luarca. Luarca*. Ed. Caja de Ahorros de Asturias. 1994.

Periódicos e Revistas.

GAMALLO FIERROS, Dionisio. *Arriba*. Suplemento dominical. Madrid. 23 de Xullo de 1961.

GAMALLO FIERROS, Dionisio. *La Nueva España*. Oviedo. 8 de Novembro de 1960.

La Gaceta de Madrid. 19 de Xaneiro de 1854.

Webgrafía.

LEBREC, YVES. Blog Ma collection (Le portrait féminin sous le second Empire).